

EXERCICIOS DE ACENTUACIÓN

1. Acentúa correctamente as seguintes oracións:

- O home co xersei azul e maior co teu pai.
- A irma da tua amiga da moitos paseos.
- Oeme ben! Se bo, se queres que che deixe ir ao cine.
- O avo ven nese autobus, pero os netos non o ven chegar.
- No zooloxico, un oso polar rompeu un oso.
- Compre que vaias fora mirar se ven teu irman polo camiño arriba, porque desde aquí non se ven as persoas que pasan.
- Impresionoume ver despregadas as as dos voitres.
- Eva quere mais froita, mais so peras e uvas.
- Ela dixome que fora fora para ver se chovia.
- Eu como menos ca ti, mais bastante mais ca avoa.
- Por que lle das a tua boneca a amiga das tuas irmas?
- Apoiei o pe no chanzo da escaleira para facer o no do zapato.
- Xosé e Neves din que esa película e aburrída.
- Quen vos dixo que vos seriades titulares na dianteira?
- Compre que Xurxo compre no supermercado todo o que lle encargamos.

2. Pon os acentos diacríticos que faltan neste texto:

Das voltas e mais voltas sobre os teus pes como unha buxaina para ficar queda de súpeto e sentir como o mundo xira ao teu redor. Sobes ao alto do calabozo ao que eu lle tiña pavor, para saltar dende arriba e sentir ese verme que anda pola barriga. Das pinchacarneiros. Fas o pino. Saltas en marcha da randeeira que che preparou o tío Ramiro pendurada da pola mais grosa da maceira, coma se foses lanzarte a voar. Encántache pendurarte das pernas da viga de madeira que cruza o alboio coma se foses roupa tendida. As veces, a avoa quéixase e di que estas cousas so as fan os nenos. Despois fita para ti cos ollos húmidos e brillantes, cóllete polas dúas mans, achégate ao seu regazo e di: «A túa nai era mais tranquila e non daba tanta guerra».

Leticia Dotras, ¡Voa, cascuda!

3. Pon os acentos gráficos que faltan nas palabras destas oracións:

- Vimolo cando entraba no camion.
- Fixemolo asi porque era moi facil.
- O sabado imos cortar unha arbore no xardin.
- Martin foi ao medico e levou o seu automobil.
- Mercedes estudou musica e agora toca moi ben o saxofon.
- Deitate comodamente no sofa.
- Chamaronme por telefono?

4. Nas seguintes oracións, pon o acento diacrítico nas palabras que o precisaren:

- Nos temos que marchar axiña, xa nos avisaron na casa.
- Dame a carteira que está enriba da mesa.
- Aínda non e inverno e xa vai moito frío.
- A miña irmá vive fora de Galicia, pero ven todos os anos pasar aquí as vacacións.
- Algunhas persoas so ven a palla no ollo alleo.
- Vos sempre queredes mais, mais eu xa non vos fago caso.
- Fixo un no no amalló do zapato.
- Mercoulle unha bola ao panadeiro e logo foi cos amigos a xogar a bola no parque.
- Levouno a escoitar un concerto de piano en do menor.
- Hai que por mais sal na comida.
- Estivo presa na cadea sete meses.
- Botoulle unha presa de grelos ao caldo e marchou con moita presa, pois chegaba tarde.

5. Acentúa correctamente estas palabras e di se son agudas (A), graves (G) ou esdrúxulas (E):

coxegas	anunciou	loureiro	lapis
heroe	tregua	crater	revelou
tactil	accion	medula	amalgama
ademais	triceps	nausea	climax
duas	textil	sabiamos	parasito
proer	lapis	covardia	saude